



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Marzo 2022

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Marzo 2022

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 10,5% en Galicia en marzo de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior e no conxunto de España un 5,5%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 7,7% e no Resto de produtos un 14,3%.
- As vendas minoristas diminúen en todas as comunidades autónomas agás en Canarias.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 3,2% en Galicia no mes de marzo de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 8,8%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 3,0% en Galicia e do 2,3% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de marzo.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Marzo 2022				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	Xeral	97,3	-10,5	-3,3
	Xeral sen estacións de servizo	98,4	-11,0	-4,3
	Alimentación	97,2	-7,7	-6,9
	Resto	98,3	-14,3	-2,9

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	-11,0	-4,3
Xeral sen estacións de servizo	-4,3	-2,6
Alimentación	-3,2	-2,6
Resto	-7,9	-1,7

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 10,5% en Galicia en marzo de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior e no conxunto de España un 5,5%.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 11,0% en Galicia e un 6,2% en España respecto a marzo de 2021. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 7,7% en Galicia e un 0,8% no conxunto de España.
- O Resto de produtos diminúe un 14,3% en Galicia e un 11,3% no conxunto do Estado.

No primeiro trimestre do ano, o índice xeral diminúe un 3,3% en Galicia, tres puntos máis que en España (-0,3%). A Alimentación reduce as súas vendas un 6,9% en Galicia e un 1,7% no conxunto do Estado; no Resto de produtos as vendas caen un 2,9% en Galicia e un 1,7% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -9,6%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas diminúen en todas as comunidades autónomas agás en Canarias (4,2%). Os maiores descensos rexístranse en Galicia (-10,5%) e Castilla – La Mancha (-9,8%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Marzo 2022

Taxas de variación en %



No que vai de ano, seis comunidades incrementan as vendas, rexistrando as taxas máis elevadas Canarias (7,2%) e Illes Balears (3,5%).

Os maiores descensos rexístranse en País Vasco (-4,3%), Castilla – La Mancha (-3,6%) e Galicia (-3,3%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 3,2% en Galicia no mes de marzo de 2022, e un 8,8% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo mantense estable en Galicia (0,0%) e aumenta un 5,5% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación diminúen un 1,8% e aumentan no Resto de produtos un 1,5%. No conxunto do Estado, tanto as vendas en Alimentación como no Resto de produtos crecen un 5,5%.

Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2022

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	Xeral	115,4	3,2	8,4
	Xeral sen estacións de servizo	113,6	0,0	5,4
	Alimentación	112,1	-1,8	-1,9
	Resto	114,1	1,5	11,3

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	3,2	8,4
Xeral sen estacións de servizo	0,0	5,4
Alimentación	-1,8	-1,9
Resto	1,5	11,3

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 3,0% no mes de marzo en Galicia e do 2,3% no conxunto do Estado.

En media do que vai de ano, a ocupación crece un 3,7% en Galicia, un punto máis que en España (2,7%).

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en marzo en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos rexístranse en Cantabria (4,3%) e Illes Balears (4,0%). Os menores crecementos danse en Asturias (0,1%) e Murcia (0,6%).

No primeiro trimestre do ano, os maiores crecementos rexístranse en Cantabria (4,4%), Illes Balears (3,7%) e Galicia (3,7%). Os menores incrementos danse en Asturias (0,8%), Murcia (1,4%) e Castilla – La Mancha (1,9%).

Índice xeral de ocupación. Marzo 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	115,4	3,2	8,4	97,3	-10,5	-3,3
Xeral sen estacións de servizo	113,6	0,0	5,4	98,4	-11,0	-4,3
Alimentación	112,1	-1,8	-1,9	97,2	-7,7	-6,9
Resto	114,1	1,5	11,3	98,3	-14,3	-2,9
España						
Xeral	116,2	8,8	11,6	97,8	-5,5	-0,3
Xeral sen estacións de servizo	113,2	5,5	8,5	97,9	-6,2	-1,3
Alimentación	120,8	5,5	3,5	104,9	-0,8	-1,7
Resto	107,3	5,5	12,7	92,1	-11,3	-1,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Marzo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	118,6	2,4	7,8	103,4	-9,6	-2,4
Xeral sen estacións de servizo	119,4	-0,1	5,7	104,5	-10,6	-3,6
Alimentación	113,1	-1,6	-1,5	99,5	-7,6	-6,5
Resto	121,6	1,6	11,2	103,3	-11,9	-1,7
España						
Xeral	117,8	9,1	11,9	99,9	-4,2	0,2
Xeral sen estacións de servizo	115,9	5,9	8,9	100,1	-5,4	-0,8
Alimentación	121,4	7,3	4,2	104,5	0,5	-0,7
Resto	113,7	6,9	13,6	96,1	-9,8	-0,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Marzo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	116,2	8,8	11,6	97,8	-5,5	-0,3
Andalucía	114,0	9,8	10,8	96,7	-4,4	-0,7
Aragón	116,4	9,4	11,2	97,1	-6,2	-1,8
Asturias	107,7	5,2	9,1	91,8	-8,3	-2,3
Balears, Illes	109,5	10,7	16,0	92,4	-3,6	3,5
Canarias	111,6	17,6	18,3	96,1	4,2	7,2
Cantabria	110,1	9,4	11,4	92,1	-5,0	-0,4
Castilla y León	111,3	10,1	13,7	92,4	-5,5	0,7
Castilla-La Mancha	118,7	5,8	9,3	97,8	-9,8	-3,6
Cataluña	108,7	7,2	11,3	90,3	-7,0	-0,6
Comunitat Valenciana	115,0	9,1	11,6	97,2	-5,7	-0,5
Extremadura	102,2	6,8	12,1	87,1	-6,9	0,5
GALICIA	115,4	3,2	8,4	97,3	-10,5	-3,3
Madrid	135,9	10,0	12,9	115,1	-3,9	1,5
Murcia, Región de	113,2	9,1	10,4	96,6	-4,8	-1,0
Navarra	115,4	10,6	10,2	96,1	-4,3	-1,9
País Vasco	118,2	5,9	7,1	98,8	-8,0	-4,3
Rioja, La	115,7	9,5	13,7	97,0	-5,9	0,8
Ceuta	85,2	4,4	3,9	73,9	-6,7	-5,5
Melilla	81,1	-0,4	0,0	69,1	-12,0	-10,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Marzo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,8	3,0	3,7
Xeral sen estacións de servizo	103,5	3,0	3,7
España			
Xeral	102,8	2,3	2,7
Xeral sen estacións de servizo	102,8	2,3	2,7

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Marzo 2022**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	102,8	2,3	2,7
Andalucía	99,9	3,1	3,3
Aragón	103,7	1,6	2,0
Asturias	102,7	0,1	0,8
Baleares, Illes	103,5	4,0	3,7
Canarias	102,2	2,8	3,0
Cantabria	101,9	4,3	4,4
Castilla y León	104,4	3,3	3,1
Castilla-La Mancha	101,8	2,1	1,9
Cataluña	100,9	1,9	2,5
Comunitat Valenciana	108,2	2,0	2,2
Extremadura	101,8	2,1	2,3
GALICIA	103,8	3,0	3,7
Madrid	104,1	2,0	2,6
Murcia	102,0	0,6	1,4
Navarra	101,8	2,8	3,0
País Vasco	104,1	1,8	2,3
Rioja, La	104,6	3,4	3,1
Ceuta	98,8	-0,2	-0,1
Melilla	98,6	-0,2	0,5

Fonte: INE